



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

cabanas@bng.gal

cabanas.bng.gal

Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego en Cabanas, presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO

O BNG recibiu varias queixas da veciñanza dos Chaos, na parroquia de Laraxe, polo estado do aglomerado do camiño e as numerosas fochancas que ten, tema que xa trasladamos a este mesmo pleno no mes de abril.

Ante esta cuestión, desde o BNG queremos ter resposta ás seguintes preguntas:

- Que prazos manexa o goberno municipal para arranxar definitivamente este camiño?
- Dispón o goberno municipal dalgún estudo ou plan global no que se analice a situación do firme nos camiños municipais para ir resolvendo as eivas que presentan ou, pola contra, a estratexia é ir tapando fochancas ao recibir queixas, sen planificación?

En Cabanas, a 25 de outubro de 2016

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

cabanas@bng.gal

cabanas.bng.gal

Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego en Cabanas, presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO

O 19 de abril anunciouse no Boletín Oficial da Provincia a “Resolución pola cal se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da rede de distribución para subministración de gas natural en MOP 0,4 bar a Cabanas”. Trátase dunha canalización principal que percorrería a beirarrúa ou a estrada desde o Punto de Entrega de Gas Natural no límite con Fene ao longo da estrada AC-122, distribuíndose ademais por varios ramais.

Sobre esta cuestión, desde o BNG desexamos ter resposta á seguinte cuestión:

- Ten coñecemento o goberno municipal de se se ten presentado algunha alegación a este proxecto? En caso afirmativo, podería explicar o señor alcalde cal foi o sentido da/s mesma/s?

En Cabanas, a 25 de outubro de 2016

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

cabanas@bng.gal

cabanas.bng.gal

Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego en Cabanas, presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPOSTA NO PLENO

Meses atrás, tras os roubos producidos na zona comercial do Areal, o alcalde comprometeuse a estudar a mellora da iluminación na zona. Preguntado por esta cuestión no pleno de maio, a resposta do alcalde foi que “estaban estudando estes asuntos”.

Logo desta marxe de tempo, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes preguntas:

- Produciuse algún avance na realización do estudo que o Concello de Cabanas ía realizar para mellorar a iluminación nesta zona?
- En caso negativo, cando ten previsto telo listo?

En Cabanas, a 25 de outubro de 2016

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego en Cabanas, presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPOSTA NO PLENO

O 23 de marzo de 2016 o BNG denunciou a existencia dun importante desprendemento no camiño de acceso á praia de Chamoso, froito do cal varias árbores quedaron en situación precaria.

O 18 de xullo de 2016 rexistramos unha nova solicitude de actuación urxente, dado que se tiña agravado o desprendemento e non existía unha boa sinalización do perigo, feito que preocupaba ás usuarias do mencionado areal.

As choivas dos últimos días provocaron un novo corremento de terras na zona, agravando o estado de precariedade das árbores que poden caer sobre o areal e poñendo en risco a existencia futura do camiño de non haber actuacións.

Ante esta situación, desde o BNG queremos ter resposta ás seguintes cuestións:

- Ten coñecemento o equipo de goberno dos posibles avances que puidera ter feito a Demarcación de Costas sobre esta cuestión?
- No caso de que non houberse avances, non considera o goberno municipal que sete meses é tempo máis que suficiente para polo menos ter comezado os trámites para dar unha solución definitiva ao problema antes de que sexa demasiado tarde?
- É consciente o goberno local de que de non actuar haberá novos desprendementos que poden poñer en risco tanto o acceso á praia de Chamoso como, incluso, as persoas, e que a súa inacción podería implicar responsabilidades?

En Cabanas, a 25 de outubro de 2016

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS